



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE DOS RÍOS (PROXECTO RÍOS)

Santiago de Compostela, a 28 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en nome e representación do Instituto de Estudos do Territorio (IET) e no exercicio das facultades conferidas polo artigo 13.1.a dos Estatutos do dito Instituto, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio; e en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

E doutra, Virxinia Rodríguez Álvarez, na súa condición de presidenta da Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia (ADEGA), con CIF: G-15044811, en nome e representación da entidade conforme ás facultades que lle outorgan os seus Estatutos.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento deste convenio de colaboración e para tal efecto



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Instituto de Estudos do Territorio, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e regulado polos seus estatutos, aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, é un organismo autónomo do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins que ten atribuídas as competencias en materia de promoción do desenvolvemento sostible da sociedade galega, o establecemento de medidas necesarias para a efectiva implantación do desenvolvemento sostible e o fomento da participación cidadá, así como o desenvolvemento de programas, accións e actividades formativas de concienciación para a sostibilidade dirixidas ao conxunto da sociedade, que serán executadas tanto a través dos seus propios recursos e programas como en colaboración con outras entidades.



SEGUNDO.- Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que ten por finalidade, entre outras, a preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.




Entre as competencias que se atribúen a esta entidade figura a administración e control do dominio público hidráulico nas bacías internas de Galicia, agrupadas baixo a denominación de Galicia-Costa.

TERCEIRO.- Augas de Galicia e o Instituto de Estudos do Territorio consideran a educación e sensibilización sociais como unha das ferramentas máis importantes na consecución dos obxectivos da Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro do 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no eido da



política de augas, coñecida como Directiva Marco de Auga. Obxectivos que estes organismos asumen como propios e entre os que cabe destacar, no ámbito de aplicación de este convenio, a protección das augas superficiais continentais, e mais especificamente dos ecosistemas fluviais.

Este obxectivo fundamenta a necesidade de dar a coñecer o papel fundamental dos ríos e as problemáticas ambientais ligadas a estes, así como achegar prácticas e comportamentos que permitan aos cidadáns o mantemento e mellora dos cursos fluviais mediante a práctica de dinámicas que fomenten a participación cidadá.



CUARTO.- A Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia (en adiante ADEGA), tal e como se recolle nos seus estatutos fundacionais, é unha asociación sen ánimo de lucro que ten por obxectivo a defensa do medio ambiente galego a través de liñas de traballo encamiñadas á posta en marcha dun modelo de desenvolvemento ecoloxicamente ~~sostible~~ e socialmente xusto.

QUINTO.- ADEGA ven desenvolvendo dende hai anos accións concretas no fomento e mantemento da sostibilidade dos ríos. Neste sentido, dispón da infraestrutura e dos medios técnicos axeitados, así como da experiencia necesaria en coordinación de voluntarios. Ademais nestes anos consolidou unha ampla rede de voluntariado que garante unha capacidade de difusión e repercusión das actividades únicas en Galicia.

Signat

SEXTO.- As partes asinantes de este convenio comparten en común a defensa e promoción da sostibilidade dos ecosistemas fluviais de Galicia e consideran de gran importancia levar a cabo conxuntamente o desenvolvemento de diversas actuacións de colaboración e cooperación no ámbito do desenvolvemento sostible da educación para a sostibilidade.

SÉTIMO.- Considerando que todas as partes comparten un interese común e coincidente, ADEGA, en calidade de entidade promotora non pretende con esta actuación acadar un beneficio económico, motivo polo cal Augas de Galicia só financiará á asociación en concepto de compensación dos gastos nos que aquela incorra para a realización das actividades conveniadas.



OITAVO.- De acordo co artigo 20.2.c da citada Lei de augas en relación co artigo 2.2 do seu Estatuto, Augas de Galicia poderá celebrar convenios con outras administracións públicas e empresas e institucións públicas e privadas, de conformidade coa lexislación vixente en materia de contratación ou, no seu caso, en materia de subvencións.

Dado que o obxecto deste convenio non está comprendido no dos contratos regulados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, queda excluído do ámbito de aplicación do citado texto refundido, de conformidade co seu artigo 4.1 d).

NOVENO.- *O Proxecto Ríos* é unha iniciativa de referencia na promoción e divulgación do desenvolvemento sostible dos ríos, tanto en Galicia como no resto do Estado, e non existen iniciativas ou experiencias semellantes tanto cualitativa como cuantitativamente.

En consecuencia as partes acordan a subscrición deste convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio de colaboración é establecer as condicións que rexerán a participación e colaboración entre Augas de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio e ADEGA para desenvolvemento das actividades e actuacións planificadas para o ano 2017 no marco do "PROXECTO RÍOS"

O "*PROXECTO RÍOS*" é un programa de voluntariado e educación para a sustentabilidade que pretende dar resposta a unha problemática de ámbito galego (e tamén global) como é a contaminación e o deterioro dos ecosistemas fluviais.

Este programa contribúe á busca de solucións ligadas aos ríos a través da participación cidadá. A proposta de traballo do Proxecto Ríos baséase na inspección das condicións



ecolóxicas dos ríos, realizada por voluntarios locais responsables da vixilancia e protección do treito de río que seleccionan, mediante unha metodoloxía de observación sinxela e estandarizada de doada aplicación e desenvolvemento.

As finalidades principais do Proxecto Ríos son dar a coñecer o papel fundamental dos ríos e as problemáticas ambientais a eles asociadas, e aportar prácticas e comportamentos que permitan aos cidadáns o mantemento, e se cadra, a mellora dos cursos fluviais mediante dinámicas que fomenten a súa participación.

Un obxectivo fundamental é a divulgación da “custodia fluvial”, (vertente da custodia do territorio) nova e crecente ferramenta de conservación, centrada no concreto ámbito dos ríos, das ribeiras e do patrimonio etnográfico e cultural vinculados a eles. Dedicarase especial atención á divulgación de esta ferramenta de conservación, de tal xeito que, se realizarán as actividades do anexo I, tendo como nexos de unión a custodia fluvial.



Os obxectivos xerais inspíranse nos emanados da Conferencia Intergubernamental de Tibilisi (1977), así como nas recomendacións emanadas da Estratexia Galega de Educación Ambiental.

Ademais, como obxectivos específicos se asumen os seguintes:

- Contribuír ao coñecemento dos principais problemas ambientais locais e globais, particularmente aqueles relacionados coa dispoñibilidade de auga doce, e poder participar na súa resolución.
- Mostrar aos participantes as súas responsabilidades ambientais, especialmente na contaminación das augas e a súa conservación.
- Promover o coñecemento da fauna e flora dos ecosistemas de ribeira.
- Interpretar o ciclo da auga a escala global e local, dilucidando o papel do cidadán nese ciclo.
- Facilitar as visitas e as vivencias con material específico e persoal especializado.
- Espertar a curiosidade sobre a interrelación de aspectos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc, e promover unha visión integral da cidade ou vila e o seu contorno fluvial.



- Dispor dunha sede física e virtual onde centralizar as actividades do Proxecto Ríos e os recursos de educación ambiental sostible, facilitando o acceso aos usuarios.
- Fomentar o desenvolvemento da educación ambiental sostible a nivel local municipal, ofertando programas de actividades para diferentes grupos sociais.

SEGUNDA.- CONTIDO DA COLABORACIÓN

Para o cumprimento do obxecto deste proxecto, ADEGA comprométese a:

1. Realizar as actividades indicadas no Anexo I deste convenio, achegando os medios para a realización destas actividades.
2. Informar regularmente e especialmente, cando sexa requirido e na forma que o requira o ente público Augas de Galicia e o Instituto de Estudos do Territorio, sobre calquera aspecto relacionado co obxecto do convenio.
3. Compartir con Augas de Galicia os datos xeorreferenciados das actuacións realizadas e todos os datos de calidade das augas obtidos. Para isto, o Instituto de Estudos do Territorio, deseñará e desenvolverá o xeoportal de participación cidadá para a información hidrográfica de Galicia, de modo que as persoas que desenvolvan os traballos de campo dispoñan neste portal web dos privilexios de usuario necesarios para a introdución da información nel.
4. Confeccionar un informe detallado, en formato papel e electrónico, de tódalas actuacións realizadas, con indicadores cuantitativos e cualitativos dos resultados acadados.
5. Crear un documento divulgativo en formato papel e electrónico de extensión máxima de 3 follas, para a difusión que a Administración estime conveniente.
6. Entregar ás demais partes asinantes, no soporte requirido, os datos recollidos durante o desenvolvemento do dito proxecto.
7. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
8. Facilitar a información que sexa requirida pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o





Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

Augas de Galicia comprométese a:

1. Prestar apoio nas actividades desenvolvidas por ADEGA.
2. Asesorar, na medida das súas posibilidades, para a elaboración dos protocolos de actuación e dos programas formativos do voluntariado.
3. Participar no financiamento das actividades mediante a entrega dunha subvención a ADEGA, de conformidade co sinalado na cláusula terceira deste convenio.
4. Colaborar xunto co Instituto do Estudos do Territorio e ADEGA na elaboración dunha listaxe na que se determinen os tramos fluviais prioritarios perseguindo deste modo a máxima eficiencia no desenvolvemento das actividades programadas.
5. Manter un portal web con xeovisor asociado a unha base de datos, para a organización e publicación dos datos do Proxecto.



O Instituto de Estudos do Territorio comprométese a :

1. Colaborar xunto con Augas de Galicia e ADEGA na elaboración dun listado no que se determinen os tramos fluviais prioritarios perseguindo deste modo a máxima eficiencia no desenvolvemento das actividades programadas.
2. Propiciar un asesoramento para o mantemento técnico do xeoportal de participación cidadá na información hidrográfica de Galicia.
3. Asesorar a Augas de Galicia no referente ao mantemento e soporte do xeoportal web.
4. Coordinar as actuacións do programa no marco do Plan Proxecta: Ríos



TERCEIRA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO.- CONTÍA DAS AXUDAS AO PROXECTO RÍOS

En relación co financiamento das actuacións realizadas por ADEGA, como promotora do PROXECTO RÍOS, dende o 1 de xaneiro de 2017, en virtude do obxecto deste convenio,



Augas de Galicia aportará dentro do exercicio 2017, unha contía máxima de cincuenta mil euros (50.000,00 €) con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento para o exercicio 2017, e o gasto imputarase á conta 6518 "Subvencións correntes a familias e institucións sen fin de lucro" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

CUARTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia, ADEGA, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, e en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante Augas de Galicia, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará Augas de Galicia, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle a Augas de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, ADEGA asume como beneficiario as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da LSG, unha vez rematadas as actuacións, deberá ser xustificado perante Augas de Galicia o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. A tales efectos, e en todo caso antes do 1 de decembro do 2017, ADEGA achegará as correspondentes facturas, nas que se farán constar os gastos ocasionados e os distintos conceptos,



acompañada da oportuna certificación sobre as actuacións realizadas, podendo non obstante efectuarse, a medida que se vaian realizando as actividades, un abono parcial da cantidade comprometida mediante a presentación das oportunas certificacións parciais.

- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

Reintegrar a Augas de Galicia de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase a iniciativa de calquera das partes unha comisión de seguimento do presente convenio, formada por un representante de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido deste convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na

súa aplicación.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017, de conformidade co disposto na cláusula terceira deste convenio, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

SÉTIMA.- PERSOAL

A subscrición deste convenio non leva consigo modificación da relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e Augas de Galicia e o Instituto de Estudos do Territorio, de tal xeito que non se lles pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo, aos efectos do establecido no artigo 43 do Estatuto dos Traballadores.

OITAVA.- PUBLICIDADE

Con carácter xeral, en todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso a participación tanto de Augas de Galicia como do Instituto de Estudos do Territorio mediante a inserción dos seus logotipos, así como o da Xunta de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).



NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Este convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas:

- Polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- Por mutuo acordo

DÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico - administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso – administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano e rubrican por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data arriba sinalados

Por Augas de Galicia e polo Instituto de
Estudos do Territorio


Beatriz Otero Mato

Por ADEGA




Virxinia Rodríguez Álvarez



ANEXO I

ACTIVIDADES DO PROXECTO RÍOS A DESENVOLVER POR ADEGA

- Realizará o programa orientando, coordinando e asesorando todos os grupos de voluntarios que se acheguen a participar no Proxecto Ríos.
- Elaborará os materiais** necesarios para o desenvolvemento do Proxecto Ríos **que se entregarán aos grupos de forma gratuíta.**
- Reedición de trípticos e cartaces divulgativos do Proxecto Ríos e das diversas actividades que se desenvolvan.
- Reedición do material necesario para a realización das actividades por parte do voluntariado.
- Edición, en formato papel do calendario 2017, onde se recollen as actividades estables do Proxecto Ríos.
- Establecerá en colaboración con diferentes entidades proxectos pilotos de custodia fluvial, favorecendo a participación activa das entidades, nos distintos proxectos de custodia que se elixan.
- Asignará os recursos materiais e humanos necesarios** para realizar un **apoio titorial** do desenvolvemento da actividade dirixido ós coordinadores dos **grupos e ao voluntariado en xeral**, mediante:
 - Actividades de formación na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con (Vilagarcía de Arousa) para os coordinadores de grupos, desenvólvense dous, coincidindo coas campañas de primavera e outono. Teñen a finalidade de fornecer aos participantes dos coñecementos básicos na identificación de macroinvertebrados. Nestes cursos afondarase tamén noutras temáticas relacionadas cos cursos fluviais.
 - Encontro anual de voluntarios. É o espazo no que o voluntariado do proxecto poden presentar as súas experiencias relacionadas coas inspeccións de río, ademais de intercambiar opinións, coñecer a outros grupos, resolver dúbidas, etc.
 - Limpeza simultánea de ríos: organizarase unha campaña de recollida de lixo nos cursos fluviais do noso país, en colaboración con entidades locais e outros colectivos. En 2017 celébrase o 10º ano das limpezaas simultáneas, no que faremos





algo especial para agasallar ao voluntariado participante.

-Roteirrios 2017. Programa de itinerarios que pretende unir ríos e persoas.

-Saídas formativas, Unha vez que un grupo de voluntariado ambiental se implica no Proxecto Ríos, existe a posibilidade de contactar coa coordinación do proxecto e concertar unha saída formativa. Estas saídas consisten en facer unha inspección de río pero co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos. As saídas formativas constan de dúas partes: unha primeira na que se percorre o treito escollido e se identifican especies vexetais e animais tanto das marxes como do leito do río, realizándose tamén o esquema do treito inspeccionado. Na segunda parte da inspección se escolle un punto de mostraxe representativo do treito onde faremos as análises e medicións dos parámetros físico-químicos e biolóxicos. Dentro dos parámetros físicos medimos a anchura da canle, a profundidade, a velocidade da corrente, as características organolépticas da auga, a temperatura e a transparencia, así como o estado do bosque de ribeira (o cal calculamos a través dun índice de calidade de ribeira) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle. Nos parámetros químicos medimos o pH e a cantidade de nitratos e nitritos disoltos na auga. No punto de mostraxe faise tamén un estudo dos macroinvertebrados presentes no substrato do río. Estes organismos son bioindicadores, o que nos permite avaliar a calidade das augas. En función dos datos recollidos asignamos un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala de valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de saúde. O último estado indícanos que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida. Realizaranse aproximadamente 40 saídas formativas, correspondendo 20 a campaña de primavera e 20 a campaña de outono, sempre e cando as condicións meteorolóxicas o permitan.

-Publicación e difusión mensual do boletín "Gardarrios".

-Xestión e actualización do Xeoportal do Proxecto Ríos, creado para a divulgación á sociedade do estado de saúde dos ríos inspeccionados polo voluntariado.

-Actualizará a evolución do programa na páxina web www.proxectorios.org indicando a participación de Augas de Galicia.

-Ofrecerá **charlas informativas** que teñen como obxectivo dar a coñecer o proxecto en diferentes lugares e entidades (centros de ensino, concellos, asociacións, etc). Este tipo de divulgación está aberta a todos aqueles que o soliciten.



-Recabará os datos dos grupos, os validará e os compartirá con Augas de Galicia a través da aplicación que se poñerá á súa disposición para tal fin e difundirá nos meses de decembro e xullo o **informe de execución**, en formato papel e electrónico. Neles reflectirase o número de grupos, persoas e concellos participantes e a valoración de resultados.

Informará trimestralmente á Augas de Galicia e ao Instituto de Estudos do Territorio da evolución do programa e a participación dos grupos de voluntarios.

